

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Refracción I



Actividades elaboradas coa colaboración de

Refracción I

Achega

- ▶ Un vaso transparente e liso, auga e un lapis.
- ▶ Rotulador, regra, outros elementos longos e finos...
- ▶ Papel e lapis para debuxar formas.

Observa

- ▶ Maxia ou ciencia? Dende o inicio dos tempos, o ser humano percibiu fenómenos naturais inexplicables naquel momento, e que asociaban a outras forzas descoñecidas como os deuses ou a maxia.
- ▶ Hoxe en día podemos explicar, grazas á ciencia, a gran maioría deses fenómenos sorprendentes, aplicando o pensamento lóxico, crítico e creativo. Seguramente moitas veces empregaches o método científico para formular novas hipóteses e logo conseguiches darlle unha explicación ao experimento realizado.

Indaga

- ▶ Mete o lapis na auga. Parece que se rompe no lugar onde entra na auga? Pasa só co lapis ou tamén con outros elementos? Explora este fenómeno con diferentes obxectos da clase.
- ▶ Que pasa se utilizas a carcasa dun bolígrafo transparente?
- ▶ Debuxa unha frecha nun papel. Mira o papel a través do vaso con auga. Que ocorre?

- ▶ Experimenta con diversas formas e esta “maxia científica” para lograr diferentes ilusións ópticas.
- ▶ Pasa só coa auga ou ocorre tamén se usamos algún outro líquido como o aceite, glicerina ou unha xelatina? Por que cres que ocorre?



Sigue o código QR do reverso para máis información.
Emprega o acceso de convidados.

